

Guitiriz en acción

Concilia Vacacións pretende axudar na tarefa da conciliación da vida laboral e familiar a tódalas familias, pero con especial atención a aquelas que estean nunha situación de maior vulnerabilidade. Priorizar o xogo na natureza e en espazos da contorna e do Concello, poñendo en valor o máis próximo e o máis local.

O lema “Non deixar a ninguén atrás” estará moi presente; facendo entender que as alianzas entre pobos e persoas son fundamentais para lograr un planeta sostible e xusto.

Lembrede que a principal característica de Concilia é o traballo cooperativo e en equipo, sen competición nin xogos que fomenten a desigualdade nin a rivalidade: **DIVERSIÓN COOPERATIVA, SEN COMPETICIÓN.**

Por outra banda como sabedes cada familia pode solicitar tódalas quendas que precise, aínda que incidimos encarecidamente na necesidade de proporcionar a cada crianza un período razoable de vacacións.

- **HORARIOS E QUENDAS:** (só días laborables)

- QUENDA 1 . Do 1 ao 15 de xullo
- QUENDA 2: Do 16 ao 31 de xullo
- QUENDA 3: Do 1 ao 15 de agosto
- QUENDA 4: Do 16 ao 31 de agosto

⇒ **O horario ordinario** será de 10:00 a 14:00 e para nenos/as nacidos/as entre os anos 2011 e 2019. O punto de encontro será o CEIP Lagostelle ou onde se indique ás familias

⇒ **Horario extraordinario** : será a partir das 8:30 da mañá. Para todas aquelas familias que precisen unha xornada máis ampla que favoreza a conciliación da vida laboral e familiar.

- **SISTEMA DE ACCESO:**

- Para realizar a actividade deberá haber un mínimo de 8 nenos senón esa quenda quedará suspendida ou se unificarán quendas.
- Será prioritario para aquelas familias nas que ámbolos proxenitores estean a traballar (de xeito prioritario as que non superen 6.5 veces o IPREM) así como familias empadroadas no Concello de Guitiriz . Tamén terán un aquelas familias en situación de especial vulnerabilidade: minorías étnicas, vítimas de

violencia de Xénero, familias con membros con diversidade funcional, perceptoras de rendas de inserción, dependencia, menores tutelados ou noutra situación de protección, outros

- No caso de haber máis solicitudes que prazas a ***lista de admitidos*** publicarase **o 23 de xuño, na mesma publicación informarase da data e hora da reunión** previa coas familias.
- Para que a solicitude quede debidamente tramitada débese aboar xunto coa solicitude o 50% da contía a pagar.

ES20 2080 0122 4631 1000 0022

PREZOS INCREMENTOS E BONIFICACIÓNS:

- PREZO XERAL: **30.00€ por cada quenda.**
- PREZO PARA ACUDIR EN HORARIO EXTRAORDINARIO: **15€ POR QUENDA.**
- No caso de irmáns: bonificación do 20% a cada un.
- Familias monoparentais/monomarentais e numerosas bonificación dun 20%.
- 50% por razóns sociais e benéficas para aquelas unidades de convivencia con renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM no ano en curso.
- 100% por razóns sociais e benéficas para aquelas unidades de convivencia que carezan de ingresos, revisable por cada período de devengo.

- **Documentación a aportar:**

- **Solicitude de inscrición debidamente cuberta.**
- **Xustificante de pago do 50% da contía**
- **Copia do recibo xenerado (modelo web)**
- **Fotocopia da Tarxeta Sanitaria. (se é a primaría vez)**
- **Fotocopia do DNI do pai ou nai. (se é a primeira vez)**
- Informe diagnóstico/ certificado de discapacidade ou informe escolar en caso de N.E.E (de ser o caso)
- Poderase requerir, se se considera necesario, a documentación que se considere oportuna para xustificar as situacións declaradas.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- **Prazo de inscrición:** ata o 20 de xuño . As solicitudes entregadas fóra de prazo quedan supeditadas ás posibilidades de cada quenda.
- **LUGAR:** a través de sede electrónica do Concello, ou de xeito presencial con cita previa (982.370.109).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE



Rúa do Concello 4, 27300 Guitiriz
Tef: 982.370.109
www.concellodeguitiriz.com

CONCILIA VACACIONES

Guitiriz en acción

“Para non deixar a ninguén atrás”



